



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de setembro de 2023
Duración	Desde as 11:00 ata as 11:57 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	Amador Diaz Penin
Secretario	Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ





Concello de Xinzo de Limia

44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a Interventora **dona Mónica Legaspi Díaz** e o informático **Jorge Luís Gómez Yáñez**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **26/06/2023**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 4735/2023. Proposta de días festivos de carácter local 2024:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/08/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Expediente 4735/2023. ESCRITOS E ASUNTOS DIVERSOS: XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE: stdo. proposta festivos locais para calendario laboral 2024:

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 31/07/2023 (nº 2023-E-RC-4700), remitido polo **Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, por medio do cal dan traslado do calendario laboral para o ano 2024 na Comunidade Autónoma de Galicia, e solicitan a proposta relativa ós días festivos de carácter local para o ano 2024, nos termos do artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e do artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descanso.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, propor ao Plenario Municipal que adopte o seguinte acordo:

1º. Formular proposta de días festivos de carácter local 2024 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

*** 13/02/2024, "Martes do Entroido".**

*** 18/07/2024, "Festas de Santa Mariña".**





Concello de Xinzo de Limia

2º. Ratificar o presente acordo polo Pleno Municipal na primeira reunión que se celebre. (...)”

Non producíndose debate *resulta ditaminado **favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:***

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 03/08/2023 e formular proposta de días festivos de carácter local 2024 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

* 13/02/2024, “Martes do Entroido”.

* 18/07/2024, "Festas de Santa Mariña".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. (...)”

Non producíndose debate a proposta *resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:*

PRIMEIRO.- Ratificar o acordo de Xunta de Goberno Local de 03/08/2023 e formular proposta de días festivos de carácter local 2024 de conformidade coas datas que a seguido se detallan:

* 13/02/2024, “Martes do Entroido”.

* 18/07/2024, "Festas de Santa Mariña".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Expediente 5388/2023. Moción do Grupo municipal do BNG referida ó Día da restauración da Memoria Lingüística de Galicia "En galego, agora e sempre":

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a **súa urxencia por unanimidade.**

Motívase a urxencia por parte do **Concelleiro do BNG, D. Camilo Vila García**, senda a moción do seguinte teor literal:

"(...) **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende fai 30 anos, a Asociación de Funcionarios e Funcionarias para a Normalización Lingüística traballa pola plena normalización do galego na sociedade convoca anualmente nas semanas anteriores á celebración do Día de Defuntos , apoiada por diferentes entidades, plataformas, institucións e forzas políticas coma o BNG, a campaña “**En galego, agora e sempre**”. Con ela preténdese xerar un movemento cultural de restauración da memoria lingüística que recupere espazos para o noso idioma. De todos é ben sabido que a práctica de escribir as lápidas recordatorias nos camposantos en castelán non ten máis sentido que agochar a nosa lingua neses espazos de memoria colectiva, moitas veces sen sequera telo interiorizado





Concello de Xinzo de Limia

por seren algo que de seu ofrecen as marmolerías ou empresas mortuorias, se que a familia se percate da situación que isto provoca. É a renuncia dun pobo á lingua no tránsito da vida á morte.

“**En galego, agora e sempre**” é unha proposta pedagóxica que tenta facer unha chamada á reflexión das comunidades parroquiais para poñer fin a inercias que distorsionan a nosa realidade cultural caracterizada pola utilización maioritaria da lingua galega nos usos sociais. A nivel galego, só unha de cada mil lápidas son esculpidas en galego. A porcentaxe en Xinzo de Limia é sensiblemente superior pero moi lonxe de mostrar a realidade lingüística dunha zona galegofalante por definición.

A Lei 151/2014, de sanidade mortuoria de Galicia, e as ordenanzas municipais regulamentadoras, por exemplo, das taxas polos servizos dos cemiterios dan conta da ligazón entre as autoridades municipais e os camposantos. A administración local no uso das súas competencias xestionan eses espazos e o seu permanente decoro. Malia que a maioría dos cemiterios parroquiais son xestionados pola Igrexa ou polas comunidades veciñais, están baixo a xurisdición administrativa das entidades locais e polo tanto suxeitos que dependente da acción da política institucional.

Así, os concellos como entidades básicas da administración deben exercer o maxisterio pedagóxico necesario para crear conciencia cívica, procurando a cohesión social. A cultura e a lingua son medios que a facilitan. De aí que a lexislación lles atribúa esa competencia artellando alternativas para o fomento e uso da lingua galega en todas as orde da vida social. É un mandato legal expresado no Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística entre outras disposicións do ordenamento xurídico vixente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Xinzo de Limia somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción propondo a **adopción dos seguintes acordos:**

- 1. Colocación dunha placa na porta dun cemiterio do municipio similar ó que preside o camposanto da vila de Xinzo.**
- 2. Substituír unha lápida en castelán por outra en galego contando coa colaboración da familia da persoa defunta, para exemplificar a restauración da memoria lingüística**
- 3. Intervención de autoridades civís e eclesiásticas, se o tivesen a ben, e colectivos culturais sensibles aos obxectivos propostos**
- 4. Sinatura do documento Actas de vontades (que se achega) nas que as persoas interesadas deixan constancia escrita dos seus desexos de galegitude “post-mortem”(…)”**

Intervén a **Concelleira Elvira Lama Fernández** para indicar que no relativo á declaración a realizar nas igrexas sería preciso previamente comunicarse cos párrocos.

Intervén o **Sr. Alcalde** para indicar que está de acordo cos restantes puntos da moción pero no relativo á declaración a realizar nas igrexas, tamén manifesta a necesidade de poñerse en contacto cos párrocos.

Tralo debate resulta ditaminado **favorablemente cos votos a favor de tódolos concelleiros, a seguinte proposta de acordo:**

- 1. Colocación dunha placa na porta dun cemiterio do municipio similar ó que preside o camposanto da vila de Xinzo.**
- 2. Substituír unha lápida en castelán por outra en galego contando coa colaboración da familia da persoa defunta, para exemplificar a restauración da memoria lingüística.**
- 3. Intervención de autoridades civís e eclesiásticas, se o tivesen a ben, e colectivos culturais sensibles aos obxectivos propostos.**
- 4. Sinatura do documento Actas de vontades (que se achega) nas que as persoas interesadas deixan constancia escrita dos seus desexos de galegitude “post-mortem”. (...)”**





Concello de Xinzo de Limia

O **Sr. Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O **Sr. Camilo Vila García** agradece o apoio mostrado á moción por parte de todos os grupos da corporación municipal. Quere destacar que a moción foi tramitada con carácter urxente pola proximidade do día 1 de novembro indicando que lle gustaría que os acordos se levasen a cabo antes da referida data para poder celebrar os actos correspondentes no día de Defuntos.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta que para a colocación dunha placa debe contarse co consenso dos párrocos de todas as parroquias xa que algúns cemiterios son municipais pero outros son parroquiais. Con respecto a folia para expresar á vontade tamén se considera que debería haber consenso cos párrocos do Concello de Xinzo de Limia.

O **Sr. Alcalde** di que loxicamente é preciso que por parte da parroquia exista consenso e manifesta a necesidade de traballar conxuntamente para que se cumpran os acordos.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo**:

- 1. Colocación dunha placa na porta dun cemiterio do municipio similar ó que preside o camposanto da vila de Xinzo.**
- 2. Substituír unha lápida en castelán por outra en galego contando coa colaboración da familia da persoa defunta, para exemplificar a restauración da memoria lingüística.**
- 3. Intervención de autoridades civís e eclesiásticas, se o tivesen a ben, e colectivos culturais sensibles aos obxectivos propostos.**
- 4. Sinatura do documento Actas de vontades (que se achega) nas que as persoas interesadas deixan constancia escrita dos seus desexos de galeguidade "post-mortem".**

Expediente 5409/2023. Convenio de colaboración do Concello de Xinzo de Limia co Concello de Sandiás para a medición de ruídos:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o ***Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais***, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expone que o motivo da urxencia é a existencia de diversas denuncias no Concello de Sandiás, e para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a **súa urxencia por unanimidade** e procédese a incluír este punto na orde do día.

Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 08/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto borrador do Convenio para a colaboración na medición de ruídos entre o Concello





Concello de Xinzo de Limia

de Xinzo de Limia e o Concello de Sandiás, e vistos informes de Secretaría e Intervención.

Proponse

1. **Aprobar o "Convenio para a colaboración na medición de ruídos entre o Concello de Xinzo de Limia e o Concello de Sandiás" nos seus propios termos.**

2. **Remitir o presente acordo ó Concello de Sandiás.**

3. **Indicar que unha vez aprobado o Convenio por ambos Concellos será remitido á Consellería competente en materia de Coordinación de Policía Locais. (...)"**

Sen producirse debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor de tódolos concelleiros, a seguinte proposta de acordo:

1. **Aprobar o "Convenio para a colaboración na medición de ruídos entre o Concello de Xinzo de Limia e o Concello de Sandiás" nos seus propios termos.**

2. **Remitir o presente acordo ó Concello de Sandiás.**

3. **Indicar que unha vez aprobado o Convenio por ambos Concellos será remitido á Consellería competente en materia de Coordinación de Policía Locais. (...)"**

O **Sr. Alcalde** manifesta que xa houbo outros convenios de colaboración en relación á policía local como é o caso do Convenio con Rairiz de Veiga e que este Convenio se realizou a petición do Concello de Sandiás co obxecto de realizar medicións por ruídos.

Sen producirse debate a proposta **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1. **Aprobar o "Convenio para a colaboración na medición de ruídos entre o Concello de Xinzo de Limia e o Concello de Sandiás" nos seus propios termos.**

2. **Remitir o presente acordo ó Concello de Sandiás.**

3. **Indicar que unha vez aprobado o Convenio por ambos Concellos será remitido á Consellería competente en materia de Coordinación de Policía Locais.**

Expediente 4313/2023. Renovación dos representantes locais nos Concellos Territorias da Propiedade Inmobiliaria:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 29/08/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 02/07/2023 (nº 2023-E-RC-4140), remitido pola **Delegación de Economía e Facenda de Ourense**, por medio do cal solicitan o nome dos tres concellos da provincia aos que este Concello vota para que ocupen as Vogalías que lles corresponden ás Entidades Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense, segundo a Orden EHA/2386/2007, de 26 de xullo (BOE de 4 de agosto).

Visto o informe da Alcaldía remitido á Delegación de Economía e Facenda de Ourense o día 25/08/2023 (nº 2023-S-RC-2808).

PROPOÑO:

1) **Tomar razón do citado escrito.**

2) **Designar, para a súa aprobación, os concellos de Verín, Calvos de Randín e**





Concello de Xinzo de Limia

Vilar de Barrio para que ocupen as Vogalías no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense. (...)"

Sen producirse debate, resulta ditaminado **favorablemente, por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:**

1) **Comunicar á Delegación provincial de Economía e Facenda en Ourense que o voto do Concello de Xinzo de Limia para que ocupen as Vocalías que lle corresponden ás Entidades Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense, é para os concellos de Verín, Calvos de Randín e Vilar de Barrio.**

2) **Notificar o presente acordo á Delegación de Economía e Facenda en Ourense. (...)"**

Sen producirse debate a proposta **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1) **Comunicar á Delegación provincial de Economía e Facenda en Ourense que o voto do Concello de Xinzo de Limia para que ocupen as Vocalías que lle corresponden ás Entidades Locais no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Ourense, é para os concellos de Verín, Calvos de Randín e Vilar de Barrio.**

2) **Notificar o presente acordo á Delegación de Economía e Facenda en Ourense.**

Expediente 5386/2023. Moción conxunta para solicitar unha moratoria eólica no Concello de Xinzo de Limia e Comarca:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Dado que este expediente non foi incluído na orde do día o Sr. Alcalde expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros da comisión informativa, consonte os artigos 91.4, 83 e 138 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, é aceptada a **súa urxencia por unanimidade.**

Motívase a urxencia por parte do **Concelleiro do BNG, D. Camilo Vila García**, senda a moción do seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 27 de decembro do 2022 foi aprobada con 7 votos a favor e ningún en contra a Moción do Grupo de Goberno para que a Corporación Municipal emitise unha declaración institucional solicitando unha moratoria eólica na Comarca da Limia (Expediente 7258/2022) atendendo á falta de evidencias científicas sobre as ameazas reais para o medio ambiente e a saúde das persoas. O apoio institucional serviu para combater os proxectos que ameazaban a zona sur do concello de Xinzo de Limia.

Atópase actualmente en fase de tramitación inicial no Ministerio para a Transición Ecolóxica MITECO o proxecto de instalación dun novo macrocomplexo de produción eólica na comarca da Limia baixo o nome "Clúster da Limia". Abrangue os concellos de Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Cualedro e Laza ademais dos que se verían afectados polo tendido da liña de evacuación da alta tensión (LAT) que cruzaría mesmo parte da Reserva da Biosfera Allariz-Arnoiae pasaría entre núcleos de poboación.





Concello de Xinzo de Limia

O proxecto inclúe 32 aerogeradores de 240 metros de altitude e afecta a 1.000 hectáreas de terreo así como a vinte núcleos de poboación entre os que se atopan as seguintes aldeas do Concello de Xinzo de Limia: Trandeiras, Soutelo de Pena, Pena, Pidre, Solveira e Piñeira Seca.

Non existen evidencias científicas da presunta inocuidade da produción enerxética eólica pero si hai estudos que advirten de consecuencias fatais para o medio rural noutros territorios. Existen varias ameazas claras que se cernen sobre a Limia:

* Saúde: o impacto sanitario nas persoas poderá ser apreciado polo alto nivel de estrés causado polo ruído (son e ultrasóns) e polo previsible efecto sombra. Na mesma liña, a cabana gandeira verá gravemente reducido o terreo no que permanecer así como os animais salvaxes.

* Auga: o río Limia verase afectado no seu propio nacemento ao ficar a aldea de Couso dentro da zona perimetral do polígono. Ademais, as consecuencias para os mananciais e acuíferos é imprevisible quedando nunha situación crítica as aldeas afectadas e por extensión, o propio río Limia que se nutre en boa medida da auga que corre ladeira abaixo (sobre e baixo a terra) na zona sur do monte de Trandeiras-A Pena.

* Economía: nun rango de ata tres quilómetros a terra devaluaranse entre un 30 e un 50 por certo sobre o valor que posúe hoxe en día supoñendo unha estocada ó empobrecemento que carrexan xa as zonas rurais.

* Patrimonio: o concello de Xinzo ten aumentado sensiblemente a súa aposta pola Torre de Pena e o Mosteiro de Trandeiras como valores culturais da zona. Veranse gravemente afectados pola instalación de torres que multiplicarán por dez a altura da torre senlleira da comarca.

Cun Plan Sectorial Eólico obsoleto aprobado fai máis de 25 anos que discrimina a avaliación ambiental estratéxica exixida pola Lei 21/2013, de 9 de decembro polo que sostén a obrigatoriedade de aplicar unha moratoria á tramitación de proxectos en tanto non se avalíe do punto de vista ambiental dun xeito integralo Plan prohibindo, por exemplo, a segregación dos parques eólicos para facer estudos de impacto medioambiental parciais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Xinzo de Limia somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción propondo a **adopción dos seguintes acordos:**

1. Instar á Xunta de Galicia á revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia
2. Solicitar unha moratoria da aprobación do proxecto
3. Elaborar o Concello de Xinzo de Limia alegacións propias contra a construción do polígono eólico referido
4. Informar á veciñanza da situación, previsións e consecuencias do proxecto do polígono eólico. (...)"

Intervén a *Sra. Secretaria* indicando que o Concello de Xinzo de Limia presentou alegacións no proxecto do parque eólico "Tramontana", e que finalmente a declaración de impacto ambiental foi desfavorable.

Intervén a concelleira **Elvira Lama Fernández** para propoñer que a moción sexa conxunta.

Intervén o *Sr. Alcalde* para indicar que xa se encargou ó Servizo Xurídico a redacción de alegacións.

Tralo debate acórdase que a moción sexa conxunta e resulta ditaminado **favorablemente cos votos a favor de tódolos concelleiros, a seguinte proposta de acordo:**

1. **Instar á Xunta de Galicia á revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia.**
2. **Solicitar unha moratoria da aprobación do proxecto.**
3. **Elaborar o Concello de Xinzo de Limia alegacións propias contra a construción do polígono eólico referido.**
4. **Informar á veciñanza da situación, previsións e consecuencias do proxecto do polígono**





Concello de Xinzo de Limia

eólico. (...)”

O **Sr. Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O **Sr. Alcalde** indica que no momento en que se recibiu a comunicación da colocación dos eólicos encargouse a redacción de alegacións . Explica no que se refire a Xinzo que o proxecto afectaría as zona de Solveira e Pidre onde se pretenden construír eólicos de 340 metros de altura. Indica que o Concello de Xinzo de Limia tamén vese afectado pola liña de evacuación que dende Pidre cruzaría Xinzo e se metería en Vilar de Santos implicando tres proxectos distintos e cortando tamén os Concellos da Gudiña e Laza ata Castrelo de Miño. Informa que os técnicos municipais están a rematar de redactar tres alegacións pois como se dixo estamos ante tres proxectos distintos e dende logo non procede a colocación de macrotorres no entorno do Mosteiro de Trandeiras e da Torre de Pena.

O **Sr. Camilo Vila García** manifesta o agradecemento á Corporación polo apoio recibido tras a presentación desta moción e engade que se sente orgulloso de que o Concello de Xinzo de Limia leva a dianteira de todos os Concellos afectados da Comarca no referido a defensa dos intereses da zona pois como consta na moción estes proxectos poden afectar a saúde, a economía e o patrimonio.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** manifesta que a moción é conxunta tal e como se solicitou na Comisión. Recorda que en decembro do ano 2022 xa se aprobou no pleno con sete votos a favor e a reserva de voto do partido popular unha moción no mesmo senso. Explica que se ben se trata de enerxías renovables deberan buscarse outras ubicacións. Comparte o orgullo en relación a que o Concello de Xinzo de Limia leve a dianteira indicando que non estaría de máis dar traslado destes acordos a outros concellos da Comarca. Manifesta que o primeiro que deberían facer as empresas é poñerse en contacto cos veciños e representantes locais antes de enviar os proxectos para as posibles alegacións.

O **Sr. Alcalde** di que xa se puxo en contacto cos alcaldes de Vilar de Santos e Vilar de Barrio que amosaron o acordo de facer unha alegación en conxunto e está pendente do Concello de Trasmiras e o Concello de Sarreaus xa que ó parecer neste caso os veciños dos montes comunais están conformes.

Tralo debate a proposta ***resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo***:

- 1. Instar á Xunta de Galicia á revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia.***
- 2. Solicitar unha moratoria da aprobación do proxecto.***
- 3. Elaborar o Concello de Xinzo de Limia alegacións propias contra a construción do polígono eólico referido.***
- 4. Informar á veciñanza da situación, previsións e consecuencias do proxecto do polígono eólico.***

Expediente 4336/2023. Aprobación do Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga:





Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 29/08/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/07/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Expediente 4336/2023. Aprobación do Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga:

Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 30/06/2023 (n.º 2023-E-RE-887), remitido pola empresa "VIAQUA, S.A.U.", con CIF n.º A-66141185, por medio do cal xunta Auditoría sobre perdas de auga nas redes de abastecemento así como o Plan de minimización de perdas de auga.

Visto o informe técnico sobre o citado Plan, n.º 042/23 RNM, de data 12/07/2023, emitido en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:

- 1) Tomar razón da citada Auditoría, do referido Plan, e dos anteditos informes.
- 2) Aprobar o Plan de minimización de perdas de auga, presentado pola empresa "VIAQUA, S.A.U.", de acordo á Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.
- 3) Remitir o citado Plan a Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Xunta de Galicia.
- 4) Notificar o presente acordo á empresa "VIAQUA, S.A.U.", á Técnica de Emprego, e ó Departamento de Secretaría para que sexa ratificada a presente aprobación na vindeira sesión plenaria. (...)"

En base ao anterior **PROPOÑO:**

1) Ratificar a aprobación do Plan de minimización de perdas de auga, presentado pola empresa "VIAQUA, S.A.U.", de acordo á Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

2) Remitir o citado Plan a Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Xunta de Galicia.

3) Notificar o presente acordo á empresa "VIAQUA, S.A.U." e á Técnica de Emprego, aos efectos oportunos. (...)"

Sen producirse debate a proposta resulta ditaminada favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:

1) Ratificar a aprobación do Plan de minimización de perdas de auga, presentado pola empresa "VIAQUA, S.A.U.", de acordo á Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.

2) Remitir o citado Plan a Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Xunta de Galicia.

3) Notificar o presente acordo á empresa "VIAQUA, S.A.U." e á Técnica de Emprego, aos efectos oportunos. (...)"

Sen producirse debate a proposta **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**





Concello de Xinzo de Limia

- 1) **Ratificar a aprobación do Plan de minimización de perdas de auga, presentado pola empresa "VIAQUA, S.A.U.", de acordo á Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.**
- 2) **Remitir o citado Plan a Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, da Xunta de Galicia.**
- 3) **Notificar o presente acordo á empresa "VIAQUA, S.A.U.", e á Técnica de Emprego, aos efectos oportunos.**

Expediente 5232/2023. Moción conxunta para que se adoiten medidas urxentes contra as vespas velutinas:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a Moción presentada polo Grupo Municipal Socialista o día 30/08/2023 (nº 2023-E-RC-5280), do seguinte teor literal:

"(...) PROPOSTA PARA ADOITAR MEDIDAS URXENTES NO CONCELLO ANTE O AUMENTO DA PRESENCIA DE VESPAS VELUTINAS.

A crecente presenza e dispersión da praga da Vespa velutina en Galicia tense incrementado exponencialmente no noso concello, especialmente neste verán. Fontes consultadas refiren a retirada de niños case tódolos días, cunha intensidade que deixa fora de toda dúbida que estamos diante dunha problemática que pode xerar riscos graves para a saúde e a integridade das persoas.

A dispersión da poboación, o número de casas abandonadas nos pobos, as persoas que viven soas ou en casas afastadas rodeadas de vexetación fan que no caso de que existan niños, estes sexan dificilmente detectables e non por iso menos perigosos. Compre unha vixilancia intensa e case constante tanto dos veciños e veciñas como por parte dos efectivos cos que pode contar o concello. A presenza de niños na vila non é menos importante, localizados en fiestras e balcóns, chegando a eliminar ata catro niños na mesma terraza dun só domicilio, en escasos días.

A resposta dos medios que ten ao dispor a Xunta de Galicia as veces tarda días en solucionar o problema e fai que o tempo corra en contra da cidadanía, sobre todo daquelas persoas que son alérxicas e doutras que non o saben, e que pasan polas rúas ou camiños onde están aloxados os niños que poden conter uns 2.000 exemplares. Estes días aparecía nos xornais unha nova vítima mortal como consecuencia das picaduras nun pobo do concello de Melón.

Por este motivo, propoñemos ao concello:

1º Que se adoiten as medidas oportunas para alertar a poboación do incremento deste tipo de praga, e dos riscos que comporta para a saúde das persoas, así como as canles de dar avisos para unha retirada rápida e eficaz.

2º Que se implemente un dispositivo cos voluntarios de Protección Civil para establecer quendas de inspección e vixilancia nos pobos e na vila, coa finalidade de evitar a





Concello de Xinzo de Limia

proliferación de niños desta especie.

3º Que se demande da consellería do Medio Rural unha intervención áxil e eficaz en canto se notifique a presenza de niños a través do 012. (...)"

Intervén a concelleira **Elvira Lama Fernández** explicando a moción.

Intervén o *Sr. Alcalde* indicando que se están retirando oito aniños diarios polos Voluntarios de Protección Civil.

Intervén o concelleiro *Ramón Gómez Salgado* para indicar que xa se dotou ós membros de Protección Civil de equipos especiais.

Finalmente acórdase **por unanimidade de redactar unha moción conxunta do seguinte teor literal:**

1º Que se adoiten as medidas oportunas para alertar a poboación do incremento deste tipo de praga, e dos riscos que comporta para a saúde das persoas, así como as canles de dar avisos para unha retirada rápida e eficaz.

2º Que se implemente un dispositivo cos voluntarios de Protección Civil para establecer quendas de inspección e vixilancia nos pobos e na vila, coa finalidade de evitar a proliferación de niños desta especie.

3º Que se demande da consellería do Medio Rural unha intervención áxil e eficaz en canto se notifique a presenza de niños a través do 012.(...)"

O *Sr. Alcalde* abre a **quenda de intervencións:**

A *Sra. Elvira Lama Fernández* expón ó contido da moción presentada polo seu grupo municipal en comisión informativa. Insta ó Sr Alcalde que demande unha intervención áxil da Consellería de Medio Rural pois pode estar en perigo a vida dos veciños e veciñas.

O *Sr. Alcalde* indica que cando acadaron o goberno foi solicitado por protección civil material e que se satisfixeron as demandas. Considera que foi un ano moi complicado e expón que nalgún día se chegaron a retirar quince niños. Manifesta que a Consellería moitas veces tarda en responder. Engade que o grupo de goberno púxose en contacto coa Xunta de Galicia para solicitar medios habéndose indicado pola administración autonómica que cara o vindeiro ano se pretende dotar a protección civil de todos os medios necesarios para que sigan colaborando na defensa fronte a vespa velutina.

Tralo debate a proposta **resulta aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1º Que se adoiten as medidas oportunas para alertar a poboación do incremento deste tipo de praga, e dos riscos que comporta para a saúde das persoas, así como as canles de dar avisos para unha retirada rápida e eficaz.

2º Que se implemente un dispositivo cos voluntarios de Protección Civil para establecer quendas de inspección e vixilancia nos pobos e na vila, coa finalidade de evitar a proliferación de niños desta especie.





Concello de Xunzo de Limia

3º Que se demande da Consellería do Medio Rural unha intervención áxil e eficaz en canto se notifique a presenza de niños a través do 012.

Expediente 5254/2023. Hermanamiento de pueblos productores de patata:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Consta en el expediente el **Dictamen de la Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Hacienda y Especial de Cuentas**, del día 11/09/2023, del siguiente tenor literal:

"(...) Vista la **Propuesta de Alcaldía**, de fecha 06/09/2023, del siguiente tenor literal:

"(...) Vista la Carta de Hermanamiento de Pueblos productores de Patata, firmada el día 31/08/2023, por los Ayuntamientos de **Coristanco (La Coruña), El Carpio (Valladolid), La Bañeza (León), Montalegre (Portugal), Soto de Cerrato (Palencia), Valle de Losa (Burgos) y Xunzo de Limia (Ourense)**, del siguiente tenor literal:

**"(...) CARTA DE HERMANAMIENTO
DE PUEBLOS
PRODUCTORES DE PATATA**

Reunidos en la ciudad de Xunzo de Limia a 31 de agosto de 2023.

Amador Díaz

alcalde de Xunzo de Limia y

Máximo Gómez

director de la publicación CAMPO, revista especializada en el sector agrario, ACUERDAN invitar a los municipios de

Coristanco (La Coruña)

El Carpio (Valladolid)

La Bañeza (León)

Montalegre (Portugal)

Soto de Cerrato (Palencia)

Valle de Losa (Burgos)

Xunzo de Limia (Ourense)

Y en su nombre a los alcaldes y representantes de los siete municipios a:

Amador Díaz Penín Jesús María Sánchez Cantera

Juan Carlos García Pose Fátima Fernández

José Luis Navas Nieto Juan Antonio Gutiérrez

Javier Carrera de Blas

A hermanarse como: **PUEBLOS PRODUCTORES DE PATATA**

Conscientes de los vínculos que existen entre sus municipios y convencidos de que la mutua





Concello de Xinzo de Limia

colaboración beneficiará a cada una de las partes, y será una forma de profundizar en la unión de sus territorios en torno al cultivo de la patata, han decidido formalizar el presente protocolo de hermanamiento convencidos y conocedores de:

1. Que las relaciones de hermanamiento constituyen un elemento fundamental para un mejor conocimiento y colaboración entre los pueblos, contribuyendo a reforzar, favorecer y promover el progreso en sus territorios.
2. Que el establecimiento y la instauración de relaciones permanentes de cooperación e intercambio entre ellos representan un estímulo para todos los sectores que forman el tejido empresarial y económico de sus respectivos pueblos.
3. Que la formalización de este hermanamiento favorecerá el establecimiento de una estrecha colaboración que se traducirá en el beneficio entre los Ayuntamientos firmantes, vecinos, agricultores y empresas del sector.
4. Que los pueblos, a través de sus legítimos representantes presentes en este acto, consideran que no es suficiente la simple firma de este documento para que el hermanamiento cobre todo su sentido, sino que es preciso, además, que comprometa a toda la población de sus municipios de tal forma que llegue a ser un elemento permanentemente dinamizador.

Y para ello acuerdan:

1. Declararse hermanados como PUEBLOS PRODUCTORES DE PATATA mediante el presente acuerdo, que elevarán a los respectivos órganos de Gobierno Local por ellos representados.
 2. Establecer programas de trabajo e intercambio a través de un calendario periódico, en cuya realización intervendrá el comité de hermanamiento que al efecto se constituya. Dichos programas afectarán muy especialmente al ámbito agrario, el desarrollo y la mejora del sector de la patata.
 3. Para el desarrollo de la planificación y estrategia de dichos programas, se encarga la coordinación, puesta en marcha y desarrollo a la publicación agraria CAMPO, como promotora e impulsora de este hermanamiento y titular de la marca PUEBLOS PRODUCTORES DE PATATA.
 4. Los Ayuntamientos se comprometen a designar un representante como miembro del Comité de Hermanamiento e interlocutor entre la coordinadora y el municipio.
 5. Los Ayuntamientos prestarán, en el marco de sus posibilidades, el máximo apoyo y colaboración en aquellas iniciativas de alianza estratégica entre empresas, y promoverán en su ámbito de competencia acciones en materia de transferencia tecnológica en las distintas áreas agrarias y empresariales y en la puesta en marcha de programas para la inversión industrial, como una forma de contribuir a la intensificación de las relaciones económicas y empresariales entre los hermanados.
- Posibilitarán el intercambio de experiencias, iniciativas y soluciones a los problemas comunes, con el fin de lograr un conocimiento más amplio que sea fundamento de los intercambios, de la difusión recíproca de sus atractivos y recursos agrarios y de los proyectos a desarrollar.
6. Se propone el desarrollo de fórmulas participativas que permitan aunar esfuerzos en la ejecución de proyectos comunes en diversos ámbitos - culturales, sociales, turísticos, comerciales y empresariales - a iniciativa de los pueblos firmantes. Es importante promover la participación del tejido industrial de todos los municipios, lo que hace posible que la solidaridad que está en la base del hermanamiento impregne al conjunto de la sociedad.





Concello de Xinzo de Limia

7. En particular, se fomentará el desarrollo de jornadas técnicas de la patata, eventos gastronómicos, monográficos y ferias, que fomenten el conocimiento y puesta en valor de los productores, operadores e industria agroalimentaria y la calidad de sus productos.

8. La presente carta de hermandas, así como el hermanamiento efectivo en las villas partícipes, entrará en vigor el día de la firma del presente protocolo, y tendrá una duración indefinida. No obstante, cada cuatro años los representantes de ambas localidades procederán a su revisión, para introducir las modificaciones que fueran precisas.

9. Asimismo, como testigos y futuros colaboradores de las acciones que se puedan llevar a cabo en virtud del acuerdo presente, participan y se comprometen con su firma los siguientes:

Andrés Moradas, en representación de Argotractors; Juan Manuel Coello, de Patatas Meléndez; Juan Company, de Esplet; Engenheiro Nuno Sousa, de Coopbarroso; César Pablo Pan, de Prodeleco, y Cosme Catalán, de Interagro. (...)"

Por medio de la presente **PROPONGO**:

Primero.- Ratificar la Carta de Hermanamiento de Pueblos productores de Patata, firmada el día 31/08/2023, por los Ayuntamientos de Coristanco (La Coruña), El Carpio (Valladolid), La Bañeza (León), Montalegre (Portugal), Soto de Cerrato (Palencia), Valle de Losa (Burgos) y Xinzo de Limia (Ourense).

Segundo.- Designar como miembro del Comité de Hermanamiento por parte del Ayuntamiento de Xinzo de Limia al responsable del área de Medio Rural.

Tercero.- Indicar que de de ser preciso contratar algún servicio en virtud de este hermanamiento se atenderá a la Ley de Contratos del Sector Público.

Cuarto.- Notificar el presente acuerdo a todos los ayuntamientos del acuerdo de hermanamiento.(...)"

Intervén o concelleiro **Camilo Vila García** felicitando ó grupo de goberno por esta iniciativa, se ben propón que neste tipo de actos teña máis visibilidade o idioma galego e se propoña integrar este acordo a outros concellos da Comarca que tamén producen patacas.

Intervén a concelleira **Elvira Lama Fernández** para manifestar o seu acordo co exposto polo concelleiro do BNG.

Sin producirse debate la propuesta resulta dictaminada ***favorablemente, por unanimidad, con la siguiente propuesta de acuerdo:***

Primero.- Ratificar la Carta de Hermanamiento de Pueblos productores de Patata, firmada el día 31/08/2023, por los Ayuntamientos de Coristanco (La Coruña), El Carpio (Valladolid), La Bañeza (León), Montalegre (Portugal), Soto de Cerrato (Palencia), Valle de Losa (Burgos) y Xinzo de Limia (Ourense).

Segundo.- Designar como miembro del Comité de Hermanamiento por parte del Ayuntamiento de Xinzo de Limia al responsable del área de Medio Rural.

Tercero.- Indicar que de de ser preciso contratar algún servicio en virtud de este hermanamiento se atenderá a la Ley de Contratos del Sector Público.

Cuarto.- Notificar el presente acuerdo a todos los ayuntamientos del acuerdo de hermanamiento. (...)"

El Sr. **Alcalde** abre el **turno de intervenciones**:





Concello de Xunzo de Limia

El **Sr. Camilo Vila García** felicita al grupo de goberno por la iniciativa y manifiesta que lo único que lamenta es que no se pusieran en contacto con outros ayuntamientos produtores de la comarca así como que el tratamento del idioma gallego durante los actos no fuera el acertado pues no tuvo el protagonismo adecuado.

La **Sra. Elvira Lama Fernández** felicita al grupo de goberno por la iniciativa y también considera que el acuerdo debiera hacerse extensible a otros Ayuntamientos de la Comarca.

El **Sr. Alcalde** agradece el apoio e indica que esta es la primera piedra de un proyecto en el que debe seguir trabaxando, pues es positivo para la economía circular y la creación de empleo. Manifiesta que el proyecto queda aberto a otros Ayuntamientos incluso situados en Francia, y solicita colaboración y aportación de ideas.

Tras el debate la propuesta **resulta aprobada, por unanimidad, adoptándose el siguiente acuerdo:**

Primero.- Ratificar la Carta de Hermanamiento de Pueblos produtores de Patata, firmada el día 31/08/2023, por los Ayuntamientos de Coristanco (La Coruña), El Carpio (Valladolid), La Bañeza (León), Montalegre (Portugal), Soto de Cerrato (Palencia), Valle de Losa (Burgos) y Xunzo de Limia (Ourense).

Segundo.- Designar como miembro del Comité de Hermanamiento por parte del Ayuntamiento de Xunzo de Limia al responsable del área de Medio Rural.

Tercero.- Indicar que de ser preciso contratar algún servicio en virtud de este hermanamiento se atenderá a la Ley de Contratos del Sector Público.

Cuarto.- Notificar el presente acuerdo a todos los ayuntamientos del acuerdo de hermanamiento.

Expediente 4757/2023. Nova Operación de Tesourería 2023:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstenciones: 4, Ausentes: 0

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 11/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta de Alcaldía**, de data 06/09/2023, do seguinte teor literal:

"(...) **PROPOSTA Ó PLENARIO ADXUDICACIÓN DE OPERACIÓN DE TESOURERÍA**

Vistos antecedentes obrantes no expediente.

Vista acta de apertura das propostas presentadas para a concertación de operación de tesourería, do seguinte teor literal:

"(...) **ACTA DA MESA PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS POLAS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE TESOURERÍA (700.000,00 €)**

ASISTENTES:

Presidente: Don Amador Díaz Penín.





Concello de Xinzo de Limia

Secretaria General: Dona Marta María Gómez Ruiz

Tesoureiro Municipal: Don Alberto Fraga González.

Interventora: Dona Mónica Legaspi Díaz.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo ás 13:00 horas do 5 de setembro de 2023, constitúese a Mesa de valoración das propostas, composta na forma anteriormente sinalada.

Constituída a Mesa, dáse conta da oferta presentada en prazo que é a seguinte:

* **“Caixa Rural Galega”**, o día 04/09/2023 (nº 2023-E-RC-5358).

A continuación, procédese á apertura do sobre A resultando admitida a empresa presentada.

A oferta seguinte resulta admitida por cumprir as condicións do prego:

CAIXA RURAL GALEGA,	TIPO DE XURO	APLICABLE	AS
SOCIEDAD COOPERATIVA DECANTIDADES DISPOSTAS:			
CRÉDITO LIMITADA GALLEGA,	EUR 3M+0,19		
CIF F-27005164	XUROS DE DEMORA:		
	INTERESE DA PÓLIZA+0,50	PUNTOS	
	PORCENTUAIS		

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade **CAIXA RURAL GALEGA, SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA GALLEGA**, con CIF nº **F-27005164** a concertación da operación de crédito a curto prazo por importe de 700.000,00 € nas seguintes condicións:

IMPORTE LÍMITE	700.000,00 EUROS
VENCEMENTO	1 ANO
TIPO DE INTERESE	EURIBOR 3 MESES+0,19
REVISIÓN TIPO DE INTERESE	TRIMESTRAL
COMISIÓN	EXENTO
LIQUIDACIÓN DE INTERESES	TRIMESTRAL
AMORTIZACIÓN	Ó VENCEMENTO
INTERESE DE DEMORA	0,5%

SEGUNDO. Notificar á Entidade **CAIXA RURAL GALEGA, SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA GALLEGA**, con CIF nº **F-27005164**, a adxudicación ó seu favor da operación de crédito a curto prazo, e citala para a formalización da mesma.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería e ó Concelleiro de Facenda.

Non obstante, o órgano competente acordará o que estime pertinente.

O Presidente da por terminada a reunión ás 13:30 horas do día 5 de SETEMBRO de 2023. (...)”

PROPOÑO:

PRIMEIRO. Adxudicar á Entidade **CAIXA RURAL GALEGA, SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA GALLEGA**, con CIF nº **F-27005164**, a concertación da operación de crédito a curto prazo por importe de 700.000,00 euros nas seguintes condicións:

IMPORTE LÍMITE	700.000,00 EUROS
VENCEMENTO	1 ANO
TIPO DE INTERESE	EURIBOR 3 MESES+0,19
REVISIÓN TIPO DE INTERESE	TRIMESTRAL
COMISIÓN	EXENTO
LIQUIDACIÓN DE INTERESES	TRIMESTRAL
AMORTIZACIÓN	Ó VENCEMENTO
INTERESE DE DEMORA	Xuro da operación + 0,50 puntos porcentuais





Concello de Xinzo de Limia

SEGUNDO. Notificar á Entidade CAIXA RURAL GALEGA, SOCIEDAD COOPERATIVA DE CRÉDITO LIMITADA GALLEGA, con CIF nº F-27005164 , a adxudicación ó seu favor da operación de crédito a curto prazo, e citala para a formalización da mesma.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería e ó Concelleiro de Facenda. (...)”

